

SUBVENCIONS PARA O ANO 2016 A PROXECTOS DE BIOMASA PARA PERSOAS FÍSICAS

A continuación descríbense brevemente as características principais desta convocatoria de axudas, aínda que a información que se considerará oficial a todos os efectos será a publicada na Resolución do 23 de decembro de 2015, pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa destinadas a particulares, e cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria anticipada para o ano 2016 (IN417H, INA17I). [\(DOG do 30 de decembro de 2015\)](#).

Concepto

Regular a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para os proxectos de equipamentos térmicos de biomasa executados en Galicia para persoas físicas e as súas agrupacións.

Presentación de solicitudes

Prazo para a presentación das solicitudes de particulares

- **Dende** 3 de febreiro de 2016 ao 2 de marzo de 2016

Só se admite a presentación electrónica e a solicitudes serán realizadas a través de entidades colaboradoras.

Os interesados realizarán ás solicitudes a través de aplicacións informáticas habilitadas para cubrir os formularios e presentalos electronicamente xunto coa documentación complementaria dixitalizada que se indica nas bases reguladoras.

Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios das subvencións as persoas físicas de dereito privado, propietarios o titulares de calquera dereito sobre inmobles de dereito residencial, comunidades ou mancomunidades de veciños, sempre que as actuacións subvencionables descritas no artigo 3 se realice en vivendas ou edificios do sector residencial sitas na Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, as agrupación de persoas físicas, privadas sen personalidade.

Intensidade de axudas e contías máximas

A contía máxima de axuda será calculada en función da potencia instalada e do tipo de instalación, cos seguintes límites adicionais por proxecto:

- A intensidade máxima da axuda será do 50%
- A contía máxima da axuda por proxecto será de 50.000 €
- A contía máxima por entidade colaboradora será de 120.000 € e o número máximo de proxectos subvencionados 30.

Prazo de xustificación

O prazo límite para a execución dos investimentos vinculados aos proxectos subvencionados e para a xustificación dos gastos será o **30 de setembro de 2016**.

Máis información

Para información PRESENCIAL aos interesados deberase concertar cita previa no teléfono: **981 541 500**.